


O meio natural na história

Por Xosé A. Fraga Vázquez




desoladora que manifestan bastantes autores franceses, pois se ben coida que o tema é preocupante, ten confianza absoluta nos remedios que traerá a Ciencia e a Técnica para permitir a utilización de novos combustíveis e conservar os bosques. Analisa a substitución progresiva de barcos de madeira polos de ferro e indica que os materiais e fontes de enerxía tradicionais deben sufrir modificacións que, por mor dos adiantos técnicos, permitirán unha maior autonomía deses recursos. Nese sentido, non está dacordo con opinións que anuncian o posíbel esgotamento do ferro e do carbón. Pensa, ademais, que a Ciencia descubrirá novas sustancias, combustíveis e técnicas para aproveitar a calor, ...

Como pensador social atende polo miúdo ao tema da forma de organizar a explotación dos bosques, o papel dos propietarios individuais e o Estado, o tipo de lexislación precisa, ... Apoando a algún autor, amósase partidario dunha certa intervención estatal no tema, e fronte á opinión de que iso "é socialismo", Sagra di que nese caso el estaría tentado a ser socialista.

Mais, a súa confianza está sobre todo depositada no que el coida que ten unha autoridade infalíbel, a Ciencia, que permitiría, cando o tema esté ben estudado e formulado, atopar a solución idónea para a explotación racional do bosque. Ela fará que os intereses privados e públicos podan coincidir. Sagra outorga á Ciencia un papel arbitral decisivo, o racionalismo inxenuo levao a unha tecnocracia que lembra as súas inclinacións "saintsimoniáns". E faíno nunhas datas, 1854, nas que as súas posicións racionalistas entrarían nunha certa crise (Cambrón, 1989)

Para acadar unha solución "científica" do tema, a única que coida válida



como vimos, Sagra, entende que serán precisos moitos e moi variados estudos sobre os bosques, tan amplos que superaban as posibilidades da súa xeración. Bota man da opinión de importantes científicos e indica que sería necesario abordar as condicións xeográficas, xeolóxicas, climáticas, ..., as leis do universo físico actuando sobre o complexo mundo arboreo.

No seu resumo final subliña a importancia dos bosques, un tema que afecta a xeracións futuras. Reitera que a solución precisa de moitas investigacións e dados estatísticos..., para, despois, en xuntas científicas, discutir e chegar a unha especie de "código racional" para a explotación da superficie do globo, un patrimonio da Humanidade. Remata dicindo que fixo a análise desde o punto de vista agrícola e social, e, mesmo, moral, no sentido de que entende que era un deber da súa xeración reparar, por medio da Ciencia, os erros cometidos para legar o mesmo patrimonio, mellorado, ás xeracións futuras.

Entre outras cousas, no artigo salienta a absoluta confianza que Sagra deposita na Ciencia, á que asigna un papel decisivo na arbitrase social, como ferramenta de benestar e de superación das penurias. Probablemente, as condicións históricas que lle tocaron vivir, os compromisos asumidos, fanlle incapaz de comprender que Ciencia e Técnica son tamén valores que o poder político utilizaba para a produción e a reprodución da forza de traballo e que non estaba á marxe dos conflitos sociais. ■

BIBLIOGRAFIA

- CAMBRÓN INFANTE, A. (1989). *El socialismo racional de Ramón de la Sagra*. A Coruña, Imprenta provincial.
- SAGRA, R. DE LA (1854). *Le problème des forêts, au double point de vue physique et social*. *Journal des travaux de l'Académie Nationale* (Paris).

Alternativas Eléctricas

INSTALACIONES ELÉCTRICAS CON:

**PANELES SOLARES
GENERADORES EÓLICOS**

PARA:

REPETIDORES
FINES DE SEMANA
DEPURADORAS
POTABILIZACIÓN

ELECTRIFICACIÓN
RURAL
CARAVANAS
BOMBAS

ESTACIONES
METEOROLÓGICAS
Etc...

GESTIONAMOS SUBVENCIONES OFICIALES

Plaza de la Herradura, 10 bajo • 15011 LA CORUÑA • Tnos.: 14 40 24 - 908 08 10 18